

Exercicios: voces no relato.

1. Identifica o tipo de voz (estilo directo, indirecto, indirecto libre, monólogo interior) nos seguintes fragmentos:

- a. A fontaneira insístalle: “Xa lle dixeran que non podo traballar se non corto a auga primeiro”.
- b. O rapaz preguntou por que tiña que ir el á compra, que xa lle tocara o día anterior.
- c. A vicepresidenta afirmou no xuízo que ela nunca recibira sobres de diñeiro negro.
- d. O despertador tocou algo máis cedo. Veña, eu sei que podo!
- e. “Quería ir a Marte no cohete. Baixou á pista nas primeiras horas da mañá e a través dos arames díxolles aos homes uniformados que quería ir a Marte. Díxolles que pagaba impostos, que se chamaba Pritchard e que tiña dereito de ir a Marte. Non nacera alí mesmo en Ohio?, non era un bo cidadán?, entón, por que non podía ir a Marte?” Ray Bradbury, *Crónicas marcianas*.
- f. Non cometín erro ningún! Deixádeme en paz!
- g. Sentou ao lado da súa cama. Agardaba que sucedese algo. E se a avoa morría, alí mesmo? E se el se durmía e non se decataba? Basta! Tiña que sacar eses pensamentos tan negativos da cabeza.
- h. –Escoitei que nos deixades. A onde iredes?
- i. Aos que teñen ollos éelles difícil dicir que non hai nada que ver no mundo.
- j. “A cama desaparece aos poucos, as paredes do apousento se afastan, caen vencidas. E eu estou no mundo solta e fina como uma corza na planicie. Levántome suave como um sopro, ergo minha cabeça de mundo, do tempo, de Deus. Mergullo e depois emerxo, como de nubes, das terras aínda non posibles, ah aínda non posibles. Daquelas que eu aínda non souben imaxinar, mas que brotarán. Ando, deslizo, continuo, continuo... Sempre sem parar, distraíndo a miña sede cansada de pousar nun fin [...] — Estoume enganando preciso voltar. Non sinto loucura no desexo de morder estrelas, mais aínda existe a terra...” Clarice Lispector, *Preto do coração salvaxe*.

2. Cambia as formas en estilo directo do exercicio anterior a indirecto.